

vista no artigo 24.5º do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, contando coa preceptiva autorización da Dirección Xeral da Función Pública.

Terceira.-Os órganos de goberno do Intecmar deberán constituírse no prazo dun mes desde a entrada en vigor deste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o conselleiro competente en materia de pesca para que dite as disposicións precisas para o desenvolvemento e aplicación deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezasete de febreiro de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 10 de marzo de 2005 pola que se prorroga o prazo de presentación das solicitudes de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria, establecido pola Orde do 24 de xaneiro de 2005.

A Orde do 24 de xaneiro de 2005, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 19, do 28 de xaneiro, regula na Comunidade Autónoma de Galicia o procedemento para a solicitude, tramitación e concesión, no ano 2005, de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria. No seu artigo 4.1º establécese que o prazo de presentación das solicitudes de axudas por cultivos herbáceos, leguminosas gran, da declaración de superficies forraxeiras, primas por vacas nutrices, pagamentos por extensificación, primas de ovino cabrún, prima láctea e indemnización compensatoria, rematará o día 11 de marzo de 2005.

Por orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Orde APA/540/2005, do 7 de marzo (BOE nº 58, do 9 de marzo) prorrógase o prazo de presentación de determinadas solicitudes de axudas, establecidas nos reais decretos 2353/2004, do 23 de decembro, sobre determinados réximes de axudas comunitarios á agricultura para a campaña 2005/2006 e á gandería para o ano 2005, e 543/2004, do 13 de abril, polo que se regulan deter-

minadas axudas directas comunitarias ao sector lácteo para o trienio 2004-2006, polo que cómpre, de acordo coa dita normativa básica estatal, modificar o prazo de presentación das solicitudes previstas na normativa autonómica reguladora desas axudas.

Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 15.3º do Real decreto 708/2002, do 19 de xullo, e en coherencia coa prórroga establecida para as solicitudes de axuda a superficies, primas gandeiras e prima láctea, cómpre prorrogar o prazo de presentación das solicitudes de indemnización compensatoria.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do EAG e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e no Decreto 50/2002, do 14 de febreiro,

DISPOÑO:

Artigo único.-O prazo previsto no artigo 4.1º da Orde do 24 de xaneiro de 2005 (*Diario Oficial de Galicia* nº 19, do 28 de xaneiro), pola que se regulan as solicitudes, no ano 2005, de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria, e se establece o sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas en Galicia, para a presentación das solicitudes de axudas por cultivos herbáceos, leguminosas gran, da declaración de superficies forraxeiras, primas por vacas nutrices, pagamentos por extensificación, primas de ovino cabrún, prima láctea e indemnización compensatoria, prorrógase ata o 29 de abril de 2005, inclusive.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2005.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 7 de marzo de 2005 pola que se nomean os membros do xurado do Premio das Letras e das Artes de Galicia, convocado pola Orde do 19 de xaneiro de 2005.

O Decreto 288/1994, do 30 de setembro (modificado no seu artigo 5 polo Decreto 286/1995, do 19 de outubro), polo que se crea o Premio das Letras